

SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA PARA O PROFESORADO E UN SEGURO DE DEFENSA

No contexto da campaña que **ANPE-GALICIA** vén realizando na defensa da autoridade e do prestixio docentes na nosa Comunidade Autónoma, e ante unha deficiente cobertura xurídica do profesorado galego, solícítalle á Administración educativa que faga un esforzo para potenciar a defensa e a atención do colectivo docente creando, na liña do xa ofertado noutras comunidades, un servizo de asistencia xurídica para o profesorado galego e un seguro de defensa, particularmente deseñado para os docentes co único fin de axudalos e protexelos, de informalos e defendelos de calquera continxencia acaecida dentro ou fóra das aulas relacionada co desempeño da súa actividade laboral.

un servizo de asistencia xurídica para o profesorado galego e un seguro de defensa, particularmente deseñado para os docentes co único fin de axudalos e protexelos

O obxecto desta petición é a posta en funcionamento dunha solución para o profesorado que axude a evitar a crecente problemática de conflictividade dentro e fóra das aulas **contra o persoal docente**.

O servizo ten que garantir a atención ao profesorado nos procedementos xudiciais civís e/ou penais onde teña que intervir, nos casos en que se tratar de actos ou omisións realizadas quer polo demandante-denunciante quer polo demandado-denunciado no exercicio dos seus cargos.

Solicitamos que se dote o persoal docente dunha serie de prestacións asistenciais que o axuden a contar cunha boa asistencia xurídica que puiden necesitar en calquera episodio, e que se incrementen os esforzos por parte da Administración na liña de aumentar a seguranza e a protección do profesorado.



D. Julio Díaz Escolante, con D.N.I 33858617H como representante legal de ANPE-GALICIA Sindicato Independente, con enderezo de notificación na rúa San Roque Nº 94-98, C.P 27002 de Lugo:

No contexto da campaña que ANPE-GALICIA vén realizando en defensa da **Autoridade e do Prestixio Docentes** na nosa Comunidade Autónoma, e perante unha moi deficiente cobertura xurídica do profesorado galego, solicitamos que desde a Consellería que vostede dirixe se faga un esforzo para potenciar a defensa e asistencia do colectivo docente creando, na liña de outras moitas comunidades, un **SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA AO PROFESORADO E UN SEGURO DE DEFENSA** particularmente deseñado para os docentes co único fin de axudalos e protexelos, de informalos e defendelos de calquera continxencia acaecida dentro ou fóra das aulas relacionada co desempeño da súa actividade laboral.

Santiago de Compostela, 02 de outubro de 2009

Asdo.: JULIO DÍAZ ESCOLANTE

PRESIDENTE ANPE-GALICIA

EXCMO.SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, Santiago de Compostela